

**NOCONVOCATORIA DE AXUDAS A PEMES, AUTÓNOMOS, ASOCIACIÓNS E
FUNDACIÓNS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DESTINADAS Á
PREPARACIÓN PARA A REUTILIZACIÓN E RECICLADO DE RESIDUOS TÉXTILES
RECOLLIDOS SEPARADAMENTE (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT975L)**

PREGUNTAS FRECUENTES

1.- Por que deberían a PEMES Asociación e Fundacións de Galicia aproveitar as oportunidades de financiamento que ofrece esta convocatoria?

Esta convocatoria ten por finalidade poñer ao dispor das empresas recursos económicos cos que favorecer o financiamento de proxectos que estean a procura de respostas aos retos e oportunidades asociadas á innovación ambiental, a fomentar a realización por parte das empresas de actuacións e investimentos encamiñados, con carácter prioritario, á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, prestando a súa colaboración económica aos proxectos realizados polo sector empresarial galego en materia de xestión dos recursos e dos residuos.

Tendo en conta as futuras obrigas de recollida separada de residuos téxtiles que virán impostas, será necesario impulsar a implantación deste servizo e ademais incentivar a creación de plantas de valorización final no noso territorio.

Co desenvolvemento desta convocatoria, agárdase pechar o ciclo dos tecidos empregados na industria téxtil e, polo tanto, contribuír á transformación deste sector cara un modelo circular, así como garantir o estrito cumprimento da xerarquía de residuos, a través do incremento das porcentaxes de valorización material e a diminución das de valorización enerxética conforme ao principio de xerarquía aplicable en materia de xestión de residuos.

2.- Cal é o procedemento de concesión para estas axudas?

Segundo o establecido no artigo 10 das bases reguladoras o procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o de **concorrenza competitiva** contemplado no artigo 19, apartado 1º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3.- Cales son as liñas subvencionables desta convocatoria?

Liña 1: Proxectos de construción de novas instalacións de preparación para a reutilización de residuos téxtiles así como de ampliación das existentes para incluír liñas de preparación para reutilización de residuos téxtiles recollidos separadamente.

Liña 2: Proxectos de construción de instalacións de reciclaxe de residuos téxtiles recollidos separadamente.

4.- Pode optar una mesma entidade a máis dunha subvención ao amparo desta convocatoria?

Si, segundo o establecido nas bases reguladoras **é posible** que una mesma entidade concorra a esta convocatoria de maneira simultánea para as dúas liñas subvencionables a que se refire o artigo 3, **pero se o proxecto ou proxectos para os que solicite a subvención pertencen a liñas subvencionables** distintas deberán presentar unha solicitude por cada liña (Anexo I) subvencionable.

5.- A Quen van destinadas estas axudas?

- Con carácter xeral, poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes) (consultar artigo 2.1 das bases reguladoras).
- Tamén poderán ser beneficiarias agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado (consultar artigo 2.2 das bases reguladoras).

6.- Hai algunha restrición para poder solicitar estas axudas?

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas empresas que:

- a) As entidades ou empresas en que concorra algunha das circunstancias previstas no **artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia**.
- b) As entidades ou empresas que entren dentro da categoría de empresas **en crise** ao abeiro da definición do artigo 2.18 do Regulamento xeral de exención (Regulamento UE nº 651/2014), sempre que a situación de empresa en crise fose anterior ao 31 de decembro de 2019, para a liña 2.

c) As entidades ou empresas que **estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente** tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, **para a liña 2.**

7.- Que tipo de residuos se poden tratar nas plantas para as que se solicita axuda?

Estas axudas teñen como fin mellorar a cantidade de residuos preparados para a súa reutilización procedentes de **residuos téxtiles (roupa, calzado, accesorios de vestimenta, roupa do fogar e similares) recollidos separadamente.**

8.- Se opto ás dúas liñas de actuación contempladas na orde, debo presentar na sede electrónica dúas solicitudes (unha para cada liña), e non unha única subvención coas dúas liñas?

Si, para o caso que a súa entidade queira pedir máis dunha subvención para proxectos que estean englobados na liña 1 ou liña 2 deberá presentar solicitudes independentes.

9.- Cal sería a porcentaxe máxima subvencionada?

Para a **liña 1** o financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o **60% do custo total subvencionable ata o importe máximo de 80.000€**

Para a **liña 2** o financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o **45% do custo total do proxecto.**

10.- Estas axudas son compatibles con outras axudas?

➤ Estas axudas **son compatibles** con outras axudas ou subvencións públicas destinadas á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou organismo internacional, **sempre que o importe total das axudas percibidas non supere a intensidade máxima da axuda permitida, para a liña 2.**

➤ As axudas da **liña 1** terán a consideración de **axudas de minimis** polo establecido no *Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013*, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis. A axuda total concedida baixo este concepto de minimis por calquera

Administración Pública a un mesmo beneficiario non poderá exceder de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. No sector do transporte por estrada este importe non será superior a 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que o importe total das axudas percibidas para os mesmos gastos non supere, illadamente ou en conxunto con outras, o custo elixible do proxecto.

Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que o importe total das axudas percibidas para os mesmos gastos non supere, illadamente ou en conxunto con outras, o custo elixible do proxecto.

11.- As cantidades a subvencionar nesta orde son con IVE ou sen IVE?

Os importes máximos considerados ao abeiro desta Orde son importes **SEN IVE** xa que segundo se indica no artigo 4.2.b **non será un gasto subvencionable o imposto sobre o valor engadido nin outro imposto de natureza simliar**. Será a entidade beneficiaria da axuda a que teña que soportar directamete o importe sobre o valor engadido (IVE).

12.- O proxecto para o que se solicite subvención debe contemplar a realización dunha campaña de información e sensibilización ao público?

Si, os proxectos presentados nas **líña 1 deberán contemplar a realización de Campaña de comunicación, unha vez terminada a instalación e dirixida a concienciar á poboación próxima da entrega de residuos para a súa preparación para a reutilización.**

Por outro lado os proxectos presentados para a **líña 2 non sería obrigatoria a realización da Campaña de comunicación.**

13.- A orde de subvencións contempla o pago de anticipos?

Si, o artigo 24 da Orde prevé a posibilidade de que as entidades que resulten beneficiarias soliciten o pago anticipado de ata o 50 % do importe de subvención concedido.

As entidades beneficiarias que queiran acollerse á modalidade de pagamento anticipado, deberán manifestalo expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do

seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo V e dispoñible na Sede electrónica (MT975L).

14.- Onde debo presentar a solicitude?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://se-de.xunta.gal> (Código de procedemento MT975L).

O órgano responsable é a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

15.- Cal é o prazo de presentación?

O prazo de presentación de solicitudes será desde o **15 de decembro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022, ambos incluídos.**

16.- Que documentación debo presentar?

A documentación que deben presentar coa solicitude (Anexo I) está sinalada no artigo 7 desta orde.

17.- Si se solicita a axuda para algunha das liñas subvencionables hai que ter algún tipo de autorización?

No momento da solicitude:

- Deberá achegar xustificante de ter presentado a correspondente solicitude de autorización ou, no seu caso, modificación da autorización, como xestor de residuos non perigosos ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia. A solicitude como xestor de valorización de residuos non perigosos, deberá incluír, nos casos en que así o exixa a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o documento correspondente para iniciar o trámite.

18.- Cal é o período subvencionable e o prazo de execución.

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido **entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de novembro de 2023, ambos incluídos.**

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

No caso das actuacións comprendidas na liña 2, a actividade non pode estar iniciada antes da data da solicitude da empresa.

A data límite para xustificar cada anualidade do proxecto e presentar a documentación xustificativa das inversións será:

- a) O **30 de novembro de 2022** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade de 2022.
- b) O **30 de novembro de 2023** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade de 2023.

19.- E se teño algunha dúbida acerca desta convocatoria, onde debo dirixirme?

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon ao dispor dos interesados a seguinte dirección de correo electrónico: axudas.cmaot@xunta.gal